


↑ Grand Tour (Miguel Gomes) ESTRENA 7 DE MARZO

NUMAX PRESENTA:

87 | MARZO 2025

Que foi da emoción de cando chegamos a Ferrol?

Sen ningún tipo de razón escollemos libros que falan do traballo da industria, imaxes e historias que ocorren en fábricas, vidas mecánicas, desindustrialización e techno de Detroit.



Son coma glaciares os barcos de aceiro
Cynthia Menéndez
GALAXIA | 18,50€



Amor de tango
María Xosé Queizán
XERAIS | 18,50€



Galicia, distrito industrial
Antón Baamonde
GALAXIA | 22€



Élise o la vida de verdad
Claire Etchereilli
PERIFÉRICA | 19,90€



Onte
Ágota Kristóf
RINOCERONTE | 14€



Historia de Shuggie Bain
Douglas Stuart
SEXTO PISO | 23,90€



Arte Industria
Xosé Díaz, Luis Muñoz e Juan Rodríguez
COAG | 12€



Ama
José Ignacio Carnero
CABALLO DE TROYA | 15,90€



Industrial Landscapes
Bernd Becher
THE MIT PRESS | 105€



Techno Rebels. Los renegados del funk electrónico
Dan Sicko
ALPHA DECAY | 22,90€

Club de lectura
NUMAX

MARTES 11.03.2025 | 20:00H

Los seres queridos
de Evelyn Waugh
coas libreiras de NUMAX

MARTES 18.03.2025 | 20:00H

O cuarto de Giovanni
de James Baldwin
coas Irmás Cartoné

MARTES 25.03.2025 | 20:00H

Orbital
de Samantha Harvey
con Rodolfo e Priscila

6€/sesión
Inscríbete en
www.numax.org

MÉRCORES 19 DE MARZO ÁS 19:00H

Presentación de
*La arquitectura de la
discapacidad* (BARTLEBOOTH)
de **David Gissen**.

MÉRCORES 26 DE MARZO ÁS 19:00H

Presentación de *El hielo
de los suyos* (TRÁNSITO) de
Montse Sánchez Alonso.

**XOVES 27 DE MARZO
ÁS 20:00H**

Presentación de *A Galicia
deseñada* (FABULATORIO) con
**Marcos Dopico, Cibrán Rico,
Suso Vázquez, Zeltia Iglesias
e X. Carlos Hidalgo**

**VENRES 28 DE MARZO
ÁS 19:00H**

Presentación de
De fuego cercado (ALIANZA)
con **Servando Rocha**.

Consulta a información
actualizada dos eventos
en numax.org/libraria



4 MAR
**O INCINERADOR
DE CADÁVERES**
Juraj Herz, 1968

Presentación de
Ramón Rey

10 MAR
DIAMANTES DA NOITE
Jan Němec, 1964

Presentación de
Clara G. Nieto

18 MAR
**A TODOS OS MEUS
BOS PAISANOS**
Vojtěch Jasný, 1968

Presentación de Jadranka
Verdonkschot

25 MAR
**UN DOMINGO
DESPERDICIAO**
D. Vihanová, 1969

Presentación de
Lois. E. Froiz

O CINE CHECO DOS SESENTA



Do 12 ao 16 de marzo 2025
• Museo do Pobo Galego
• Teatro Principal • Numax

20ª MOSTRA
INTERNACIONAL
DE CINEMA ETNOGRÁFICO
MiCE
Museo do Pobo Galego
Santiago de Compostela





Cinema

**Filme
do mes:**



MISERICORDIA ESTREA 21 MAR

Alain Guiraudie, 102', FR, VOSE, +16

Con Félix Kysyl, Catherine Frot

Jérémie regresa á súa vila natal para asistir ao funeral do seu antigo xefe Jean-Pierre. Decidiu ficar uns días en casa de Martine, a súa viúva. Pero unha misteriosa desaparición, un veciño ameazante e un estraño sacerdote van facer que a breve e tranquila estancia de Jérémie acade un xiro inesperado.

O director d'*O descoñecido do lago*, Alain Guiraudie, dirixe un dos filmes máis importantes do ano en Francia, “un thriller rural con ecos de Claude Chabrol” (Ángel Quintana), actuacións ao estilo Bresson e o humor negro e o suspense de Hitchcock.

🏆 Mellor Filme e Guión SEMINCI 2024





GRAND TOUR

ESTREA 7 MAR

Miguel Gomes, 129', PT, VOSE

Con Crista Alfaiate, Gonçalo Waddington

Rangún, 1917. Edward, funcionario do Imperio británico, foxe da súa prometida Molly o día que esta chega para casar. Contemplando o baleiro da súa existencia, o covarde Edward pregúntase que foi de Molly... Decidida a casar e divertida pola xogada de Edward, Molly segue o seu rastro polo continente asiático.

🏆 Mellor Dirección Cannes 2024



TARDES DE SOLEDAD

ESTREA 7 MAR

Albert Serra, 125', ESP, VO, +16

Con Andrés Roca Rey

Albert Serra acompaña o toureiro Andrés Roca Rey durante diferentes corridas, desde que se viste de luces até que se desviste, pasando polo violento encontro co animal na praza.

🏆 Cuncha de Ouro Donostia 2024



MORLAIX

ESTREA 14 MAR

Jaime Rosales, 124', FR, VOSE, +12

Con Aminthe Audiard, Samuel Kircher

Na apracible vila de Morlaix, na Bretaña, Gwen afronta o último ano de instituto marcada polo dó tras a morte da súa nai. A súa rutina dá un xiro inesperado coa chegada de Jean-Luc, un parisino carismático e enigmático. Un día descobre unha película que parece inexplicablemente inspirada na súa vida.

🏆 Sección Oficial Rotterdam 2025



OS AITAS

ESTREA 21 MAR

Borja Cobeaga, 88', ESP, VO

Con Juan Diego Botto, Quim Gutiérrez

No Bilbao proletario dos 80, un equipo de ximnasia infantil ten que participar nun campionato en Berlín. Ante a imposibilidade de que as nais acompañen as fillas, a tarefa recae nos pais, que non están moi interesados na viaxe, no deporte ou nas súas propias fillas.



POR TODO O ALTO

ESTREA 28 MAR

Emmanuel Courcol,

103', FR, VOSE, +12

Con Benjamin Lavernhe, Pierre Lottin

Thibaut, un célebre director de orquestra, viaxa polo mundo. Ao saber que é adoptado, descobre a existencia dun irmán, Jimmy, empregado dun comedor que toca o trombón na banda municipal. Sepáraos todo, agás o amor pola música.

🏆 **Premio do Público Donostia 2024**



PARÍS, TEXAS

REESTREA 28 MAR

Wim Wenders, 144', ING, VOSE, 1984

Con Harry Dean Stanton, Nastassja Kinski

Un home camiña polo deserto de Texas desmemoriado. O seu irmán atópao e tenta que lembre a súa vida, cando catro anos antes abandonou a súa muller e o seu fillo. Restauración en 4K deste clásico moderno con inesquecible banda sonora de Ry Cooder.

🏆 **Palma de Ouro Cannes 1984**

Pioneiras



FALLING LEAVES + ELEANOR'S CATCH + THE DREAM LADY

PASE ÚNICO 26 MAR

Alice Guy-Blaché + Cleo Madison + Elsie Jane Wilson, 12' + 15' + 54', VOSE

Sesión tripla, Con *Falling Leaves* (1912) de Alice Guy-Blaché, primeira directora da historia do cinema; co melodrama *Eleanor's Catch* (1916), de Cleo Madison, e cun dos primeiros exemplos de cinema feminista: *The Dream Lady* (1918), de Elsie Jane Wilson.

Petís Numax



POLICÁN PASES ÚNICOS 1-5 MAR

Peter Hastings, 89', VE, +7

Un can fiel e o seu axente humano sofren graves feridas mentres cumpren co seu deber. Só poderán salvarse mediante unha operación disparatada na que ambos se fusionan en un, converténdose en Policán.



ERNEST&CELESTINE: CONTOS DE PRIMAVERA

PASES ÚNICOS 22-23 MAR

Aurélie Raphaël, 48', VESE, +3

O sol e o vento de Charabia, terra natal de Ernest, anuncian a chegada da primavera. Para celebralo, Celestine e as súas amigas preparan gorentosos pasteis e fermosos decorados florais. Novas aventuras da ratiña Celestine e o entrañable oso Ernest.



OLA, FRIDA! PASES ÚNICOS 29-30 MAR

Karine Vézina e André Kadi, 82', VESE, +5

É a historia dunha nena diferente. En Coyoacán, México. Brillante, todo lle interesa. Cando hai dificultades, afróntaaas cunha imaxinación desbordante. Esta nena chámase, Frida Kahlo!

🎬 Sección Oficial Annecy 2025

Os ollos verdes




BODEGÓN CON FANTASMAS PASE ÚNICO 3 MAR

Enrique Buleo, 88', VO, ESP, +7

Con Consuelo Trujillo, Fernando Sansegundo

Rodeados de viñedos e terras de cereais, os habitantes dunha vila da Mancha pasan os seus días con normalidade. Uns, os vivos, loitando contra os obstáculos da vida mentres outras, as pantasma, lidan coas contrariedades da morte.

🏆 **Semana da Crítica Cannes 2024**



LOS RESTOS DEL PASAR PASE ÚNICO 17 MAR

Luis (Soto) Muñoz / Alfredo

Picazo, 83', VO, ESP, TP

Con Antonio Reyes, Rodrigo Ramírez

Antonio narra a súa infancia nunha remota vila cordobesa durante a celebración da Semana Santa. É un neno solitario e curioso que un día coñece a Paco, un pintor de avanzada idade. Antonio ten moitas dúbidas e vaise volcar con Paco sobre todo nas cousas relacionadas coa morte e a relixión.

🏆 **Mellor Película e Premio FIPRESCI Xixón 2023**

📄 Coloquio en liña cos autores

Pases especiais



RAPARIGAS DE UNIFORME

PASE ÚNICO 11 MAR

Leontine Sagan, Carl Froelich,

88', VOSE, ALE, 1931

Con Hertha Thiele, Dorothea Wieck

Manuela é unha adolescente enviada a un rigoroso internado despois da morte da súa nai. Alí ensina Elizabeth, a profesora máis nova pola que todas as nenas suspiran. Baseada unha obra de Christa Winsloe, trátase dunha das primeiras películas da historia en tratar o lesbianismo de maneira directa.

📄 Coloquio organizado polo Cineclub Mazarelos

↑ Grand Tour (Miguel Gomes) ESTREIA 7 DE MARZO



NUMAX 10
10

numax.org


EUROPA CINEMAS
CREATIVE EUROPE - MEDIA SUB-PROGRAMME

Co patrocínio de

AAAAAA **Agencia**
GGGGGG **Gráfica**

  @numaxcoop
